

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de maio de 2025**

Ás 18.05 horas do día 21 de maio de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de abril de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 21 de abril de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA O APOIO DOS BARES E TABERNAS EN PEQUENOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DA PROVINCIA DE OURENSE.-

D. Antonio Ferández Martín, de Democracia Ourensana, expón o contido da seguinte moción:

Na provincia de Ourense, marcada por un acusado proceso de despoboamento e envellecemento, os bares e tabernas dos pequenos pobos cumpren unha función que vai moito máis alá do ámbito económico. Son, en moitos casos, o único punto de encontro veciñal, actuando como centros sociais informais onde se reforza a convivencia, compártense noticias e mantense o vínculo comunitario.

En núcleos de poboación de menos de 1.000 habitantes - que constitúen a maioría no rural ourensán - estes establecementos representan vida, servizo e cohesión. Moitos funcionan como auténticas sedes sociais para as persoas maiores, e son claves para que as aldeas non perdan o seu pulso diario.

Con todo, a situación destes negocios é cada vez máis precaria: a baixa rendibilidade, a falta de substitución xeracional, o aumento de custos e a rixidez dalgunhas normativas poñen en risco a súa continuidade.

Desde a Deputación Provincial, institución crave no apoio ao medio rural, é urxente impulsar medidas decididas para protexer e fomentar a supervivencia destes espazos fundamentais para a vida local.

Por exemplo, en Quintela de Leirado, con máis de 600 habitantes, actualmente só hai un bar, cando no pasado chegaron a existir ata 12. En Pontedeva, con 485 habitantes, hai un bar en funcionamento e outro pechado temporalmente e así en moitos outros casos.

Estes exemplos reflicten a importancia dos bares nas comunidades rurais de Ourense onde actúan como puntos de encontro e cohesión social. Na provincia de Ourense segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, existen aproximadamente 2.233 establecementos de hostalería (bares, cafeterías e restaurantes). Con todo, a falta de datos específicos impide proporcionar unha cifra exacta do número de bares en pobos con menos de 1.000 habitantes.

Por todo o exposto solicitamos:

- 1. Realizar un censo provincial de bares e tabernas rurais, como ferramenta técnica para coñecer a súa situación actual, identificar casos de risco de peche e planificar intervencións específicas.*
- 2. Crear unha liña provincial de axudas específicas para bares e tabernas situados en pequenos núcleos, destinada a sufragar gastos correntes, pequenas reformas, adaptación á normativa sanitaria ou accesibilidade, mellora de equipamentos, etc.*
- 3. Solicitar á Xunta de Galicia que desenvolva unha estratexia de apoio integral á hostalería rural, con especial atención aos negocios situados en zonas en risco de despoboamento, recoñecendo o seu valor como servizos básicos no territorio.*

D^a María Mangana Guede, do BNG, indica que é certo que estes lugares actúan como puntos de reunión e de socialización, se ben co matiz de que maioritariamente para homes, se ben recoñece que é certo que xogan un papel importante.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que sen querer quitarlle importancia aos bares e tabernas, non se pode focalizar toda a actividade dinamizadora dos núcleos neles, xa que é minimizar moito o problema.

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular, recoñece a boa intención da moción, se ben entende que na súa opinión debería estar máis traballada e quizás enfocada de forma diferente, por exemplo cara aos teleclubs, pondo como exemplo a liña de axudas que ten a Deputación de Palencia, ou cara ao comercio.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e do BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Realizar un censo provincial de bares e tabernas rurais, como ferramenta técnica para coñecer a súa situación actual, identificar casos de risco de peche e planificar intervencións específicas.
2. Crear unha liña provincial de axudas específicas para bares e tabernas situados en pequenos núcleos, destinada a sufragar gastos correntes, pequenas reformas, adaptación á normativa sanitaria ou accesibilidade, mellora de equipamentos, etc.
3. Solicitar á Xunta de Galicia que desenvolva unha estratexia de apoio integral á hostalería rural, con especial atención aos negocios situados en zonas en risco de despoboamento, recoñecendo o seu valor como servizos básicos no territorio.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta cando van comezar a funcionar as “taquillas” ou consignas que se situaron nalgúns concellos como Allariz dentro do programa ComerciOU.

D^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, informa que se porán pronto en funcionamento, se ben preguntará aos responsables do proxecto para dar información mais exacta.

E, ás 18.14 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.